

ASUNTO: CONVOCATORIA SESIÓN DO PLENO ORDINARIO PARA O DÍA 6 DE AGOSTO DE 2026

EXPEDIENTE: 2548/2026

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O concello de A Pobra do Caramiñal ten diversos asuntos que tratar en sesión do Pleno tendo en conta os distintos expedientes concluídos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable vén establecida por:

- Os artigos 21.1.c), 21.3 e 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 77 a 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Os artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De conformidade cos artigos 21.1.c) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e 80.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, corresponde ao Alcalde ou Presidente convocar todas as sesións do Pleno.

SEGUNDA. É necesario sinalar que, de conformidade co artigo 46.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, as sesións deberán convocarse, polo menos, con dous días hábiles de antelación á data da súa celebración.

A orde do día defínese como a relación detallada dos asuntos a tratar durante as sesións. Devanditos asuntos deben ser previamente ditaminados, informados ou sometidos a consulta da Comisión Informativa que corresponda. Así mesmo, na orde do día dunha sesión ordinaria deberá incluírse os borradores das Actas das sesións anteriores que deban ser aprobados.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de

DECRETO
Número: 2026-0818 Data: 03/08/2026

Cod. Validación: 7FAZM2TTS7NEOS9MLRHTD6WGG
Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 44 do Regulamento orgánico municipal
RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar sesión ORDINARIA do **PLENO** para:

Día: 06/08/2026

Hora: 12:00 h

Lugar: Salón de plenos da Casa do Concello.

Seguinte orde do día:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES (28 DE MAIO DE 17 DE XULLO 2026)
2. DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E ASUNTOS VARIOS
3. PROPOSTA ALCALDÍA DATAS PARA A DETERMINACIÓN DAS FESTIVIDADES LOCAIS PARA O ANO 2027.
4. PROPOSTA ALCALDÍA PARA PARTICIPAR NA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 2/2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIA DA CORUÑA.
5. PROPOSTA ALCALDÍA MODIFICACIÓN DA RPT, CADRO E ANEXO DE PERSOAL-POSTO DE NOVA CREACIÓN (TÉCNICO SUPERIOR ARQUITECTO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA).
6. PROPOSTA ALCALDÍA MODIFICACIÓN SALARIO BASE DE PEÓNS DA BRIGADA DE MANTEMENTO, AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR LIMPADORAS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.
7. PROPOSTA ALCALDÍA DE EXTENSIÓN DE BENEFICIOS SOCIAIS A FUNCIONARIOS PREVISTO NO VIXENTE CONVENIO COLECTIVO DE PERSOAL LABORAL.
8. PROPOSTA ALCALDÍA PARA INICIAR EXPEDIENTE DE CESIÓN GRATUÍTA A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA DE BENS INMOBLES PROPIEDAD DO CONCELLO.
9. PROPOSTA ALCALDÍA INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN

DECRETO
Número: 2026-0818 Data: 03/08/2026

Cod. Validación: 7RAZMZTTS7NEOS9MLRHTD6WGG
Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



PARA A INCORPORACIÓN DE CAMIÑO AO INVENTARIO DE CAMIÑOS MUNICIPAL.

10. PROPOSTA ALCALDÍA PARA A DEDICACIÓN DUNHA VÍA PÚBLICA A JOSEFINA BLANCO TEJERINA.
11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL VixP INSTANDO Á XUNTA A REFORZAR O FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL.
12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL VixP INSTANDO A XUNTA A DEIXAR DE ESPOLIAR OS VECIÑOS/AS DA POBRA E CUMPRIR COAS SÚAS OBRIGAS EN MATERIA DE INVERSIÓN.
13. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA AO NOME DO MÓDULO CUBERTO DE ATLETISMO DO ESTADIO MUNICIPAL DA ALTA.
14. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Á PREOCUPACIÓN POLA SEGURIDADE NO NOSO CONCELLO.
15. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA E DOS PROFESIONAIS SANITARIOS.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

1.- ROGOS E PREGUNTAS.

SEGUNDO. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no portal de transparencia apobra.sedelectronica.es, dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

TERCEIRO. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día na Secretaría municipal de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.

Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de

DECRETO
Número: 2026-0818 Data: 03/08/2026

Cod. Validación: 7RAZMZTTS7NEOS9MLRHTD6WGG
Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



recepción da notificación da presente resolución.

O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

CUARTO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Na Pobra do Caramiñal, na data da sinatura dixital,

O alcalde,

José Carlos Vidal Suárez

O secretario en réxime de acumulación,

(dou fe aos efectos do disposto no art. 3.2 do RD. 128/2018)

Ignacio Muñoz Pacín

DECRETO
Número: 2026-0818 Data: 03/08/2026

Cod. Validación: 7RAZMZTTS7NEOS9MLRHTD6WGG
Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

